

1. Substitúese no anexo I o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Castilla y León polo seguinte:

«Comunidade Autónoma de Castilla y León:

Provincia de Ávila: todas as comarcas.

Provincia de Burgos: todas as comarcas.

Provincia de León: comarcas agrarias de Esla-Campos, Sahagún, Tierras de León.

Provincia de Palencia: comarcas agrarias de Boedo-Ojeda, Campos, El Cerrato, Saldaña-Valdavia.

Provincia de Salamanca: todas as comarcas.

Provincia de Segovia: todas as comarcas.

Provincia de Soria: todas as comarcas.

Provincia de Valladolid: todas as comarcas.

Provincia de Zamora: comarcas agrarias de Aliste, Bajo Duero, Benavente e Los Valles, Campos-Pan, Sayago.»

2. Incorpóranse ao anexo I as seguintes comarcas da Comunidade Autónoma de La Rioja:

«Comunidade Autónoma de La Rioja: Rioja Baja, Rioja Media, Sierra Rioja Baja, Sierra Rioja Media.»

3. Incorpóranse ao anexo II as seguintes comarcas da Comunidade Autónoma de La Rioja:

«Comunidade Autónoma de La Rioja: Rioja Baja, Rioja Media, Sierra Rioja Baja, Sierra Rioja Media.»

4. Substitúese no anexo II o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Castilla y León polo seguinte:

«Comunidade Autónoma de Castilla y León:

Ámbito territorial delimitado para a gandería en réxime extensivo:

Ávila: todas as comarcas

Burgos: Arlanza, Arlanzón, Demanda, Páramos, Pisuerga e La Ribera.

León: Esla-Campos, Sahagún, Tierras de León.

Palencia: Campos, El Cerrato.

Salamanca: todas as comarcas.

Segovia: todas as comarcas.

Soria: todas as comarcas.

Valladolid: todas as comarcas.

Zamora: Aliste, Bajo Duero, Campos-Pan, Sayago.

Así mesmo, inclúense neste anexo as explotacións extensivas de gando vacún, ovino e caprino que realizan movementos transhumantes para o aproveitamento de pastos ás comarcas das comunidades autónomas de Andalucía, Extremadura e Castilla-La Mancha.

Ámbito territorial delimitado para a apicultura:

Todas as comarcas da comunidade autónoma.»

5. Engádense ao anexo III, na Confederación Hidrográfica do Ebro, os seguintes termos municipais:

«Zona regable da Canal de Bardenas»

Termos municipais:

Navarra:

Yesa.

Javier.

Sangüesa.

Cáseda.

Carcastillo.

Santacara.

Mélida.

Caparroso.

Villafranca.

Cadreita.

Valtierra.

Arguedas.

Zaragoza:

Undues de Lerda.

Sos del Rey Católico.

Castiliscar.

Sádaba.

Layana.

Biota.

Ejea de los Caballeros.

Erla.

Luna.

Tauste.

Sierra de Luna.

6. Engádense un novo anexo IV coa seguinte redacción:

«O ámbito territorial de aplicación das medidas previstas no artigo 3 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, na Comunidade Foral de Navarra, é o seguinte:

Comarca Agraria I (Noroccidental) e II (Pirineos) en relación ás afeccións de pastos, forraxes e pataca de semente.

Comarca Agraria VII (Ribera Baja), en relación a cultivos de secaño.

Os seguintes municipios con regadíos abastecidos desde o sistema Canal de Bardenas:

Javier.

Sangüesa.

Cáseda.

Gallipienzo.

Carcastillo.

Santacara.

Mélida.

Murillo el Cuende.

Caparroso.

Villafranca.

Cadreita.

Milagro.

Valtierra.

Bardenas Reales.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de agosto de 2005.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

14720 *ORDE TAS/2741/2005, do 30 de agosto, pola que se ditan normas para a aplicación do disposto no artigo 3 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas. («BOE» 208, do 31-8-2005.)*

O Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades

climáticas, establece no seu artigo 3, entre outras medidas ao respecto, exencións, moratorias e reducións no pagamento das cotas á Seguridade Social nos termos que este sinala.

Pola súa vez, a disposición derradeira segunda do citado Real decreto lei faculta os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións necesarias e estableceren os prazos para a execución do establecido no citado real decreto lei.

A ese respecto, a Orde PRE/2500/2005, do 29 de xullo, modificada pola Orde PRE/2738/2005, do 26 de agosto, determina os ámbitos territoriais afectados pola seca e establece criterios para a aplicación de determinadas medidas previstas no citado Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño.

Por outro lado e co fin de asegurar a efectiva aplicación das exencións, moratorias e reducións nas cotas previstas no artigo 3 do citado real decreto lei, así como para unificar criterios na súa posta en práctica, faise necesario ditar a oportuna disposición.

Na súa virtude, tiven a ben dispor:

Artigo 1. *Exención no pagamento de cotas da Seguridade Social en supostos de expedientes de regulación de emprego.*

1. Para efectos da exención no pagamento das cotas empresariais que concede a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e prevista no punto 1 do artigo 3 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca, serán de aplicación as seguintes normas:

a) As solicitudes de exención no pagamento de cotas deberán presentarse ben ante a autoridade laboral ante a que se segue o expediente de regulación de emprego ou ben nas direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou nas súas administracións ou, de ser o caso, na delegación ou subdelegación do Goberno, nas provincias das comunidades autónomas cuxos ámbitos territoriais están delimitados pola Orde PRE/2500/2005, do 29 de xullo, pola que se determinan os ámbitos territoriais afectados pola seca, modificada pola súa vez pola Orde PRE/2738/2005, do 26 de agosto, ou en calquera outro dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a súa remisión ao órgano competente para a concesión ou denegación da exención conforme a letra c) seguinte.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, os empresarios que teñan autorizada a xestión centralizada de determinados trámites relacionados coa cotización e a recadación formalizarán as súas solicitudes de exención no pagamento de cotas, en todo caso, ante a Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou administracións da mesma provincia en que estea autorizada a dita xestión centralizada.

As solicitudes de exención no pagamento de cotas xuntaráselles, de estar ditada, a resolución da autoridade laboral recaída no expediente de regulación de emprego acordando a suspensión do contrato de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo como consecuencia da situación de forza maior a que se refire o artigo 3 do citado real decreto lei. De o expediente de regulación de emprego non estar resolto no momento de presentar a solicitude, achegarase esta resolución dentro dos quince días seguintes á data en que esta se dite.

b) O prazo de presentación das solicitudes de exención de cotas será o dos tres meses seguintes ao da publicación da presente orde no «Boletín Oficial del Estado».

c) A concesión ou denegación da exención será acordada polo director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, de ser o caso, polo director da Administración da Seguridade Social correspondente, conforme a distribución de competencias que estea establecida para o efecto.

d) A exención comprenderá tanto as cotas da Seguridade Social, incluídas as achegas empresariais e as dos seus traballadores, por continxencias comúns e profesionais, como as correspondentes aos conceptos de recadación conxunta mentres dure o período de suspensión do contrato de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo, considerándose este período como efectivamente cotizado para todos os efectos.

A exención, en caso de suspensión do contrato de traballo, será do 100 por 100 e, para o suposto de redución temporal da xornada de traballo, esa exención será proporcional á dita redución.

e) Nestas exencións será de aplicación o disposto no artigo 2.1.a), último parágrafo, e c) desta orde, sobre a presentación de documentos de cotización.

2. As cotas exentas que xa fosen ingresadas, incluídas, de ser o caso, as recargas e custas que se satisfixesen, serán devoltas logo de petición dos interesados xunto cos documentos acreditativos do seu pagamento, nos termos e cos efectos fixados no punto 2 do artigo seguinte.

Artigo 2. *Moratoria no pagamento de cotas da Seguridade Social.*

1. Para efectos da moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotas da Seguridade Social por todas as continxencias así como polos conceptos de recadación conxunta con aquelas e das cotas por xornadas reais, correspondentes aos meses de xullo de 2005 a febreiro de 2006, ambos inclusive, e recoñecida tanto ás empresas respecto da totalidade das achegas ao seu cargo como aos traballadores por conta propia, titulares das explotacións agrarias afectadas pola seca incluídos en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social, conforme o artigo 3 do citado Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, serán de aplicación as seguintes normas:

a) Para efectos da presentación das solicitudes de moratoria será de aplicación o disposto no punto 1 do artigo anterior.

A acreditación dos danos sufridos pola seca realizárase mediante a documentación expedida para o efecto polo respectivo concello ou polo delegado ou subdelegado do Goberno, nas provincias das comunidades autónomas afectadas, acreditativa dos danos e da situación das empresas ou explotacións afectadas ou, de ser o caso, mediante resolución favorable en expediente de regulación de emprego ou mediante resolución ou comunicación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou, de ser o caso, a través da Entidade Estatal de Seguros Agrarios (ENESA) na que conste a condición de beneficiario das indemnizacións outorgadas por este en relación cos danos producidos pola seca nas comunidades autónomas cuxos ámbitos territoriais están delimitados pola Orde PRE/2500/2005, do 29 de xullo, modificada, pola súa vez, pola Orde PRE/2738/2005, do 26 de agosto, segundo establece o artigo 1.2 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño. Conforme o establecido no artigo 1.1 deste real decreto lei, a acreditación debe indicar que tales danos ocasionaron un nivel de perdas de produción bruta nos cultivos ou nos aproveitamentos gandeiros, polo menos, dun 20 por 100 da produción normal en zonas desfavorecidas, e dun 30 por 100 nas demais zonas, de conformidade cos criterios establecidos pola Unión Europea.

No suposto de empresas, a certificación terá carácter individualizado para cada unha delas.

Así mesmo, xunto coas solicitudes da moratoria presentaranse, de non o ter efectuado con anterioridade, os documentos de cotización correspondentes aos meses obxecto da moratoria, así como os relativos aos meses posteriores cuxo prazo de presentación de tales documentos xa vencese, aínda que non se ingresen as cotas respectivas, de ser o caso.

b) A concesión ou denegación da moratoria será acordada polo director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, de ser o caso, polo director da Administración correspondente, conforme a distribución de competencias establecida para a concesión de aprazamentos.

O prazo dun ano das moratorias concedidas computarase a partir do derradeiro día do mes de agosto de 2005 e dos meses seguintes ata marzo de 2006, datas en que vencen sucesivamente os prazos regulamentarios de ingreso das cotas obxecto da moratoria, relativas ao período de xullo de 2005 a febreiro de 2006.

c) Os solicitantes a que se lles concedese a moratoria estarán obrigados, non obstante esta, a presentar os documentos de cotización correspondentes a períodos posteriores a tal concesión, na mesma forma e prazos establecidos con carácter xeral, mesmo cando non ingresen as cotas. No seu defecto, a moratoria quedará sen efecto desde a data en que deberon presentarse tales documentos.

2. As solicitudes de devolución das cotas xa ingresadas e que sexan obxecto de moratoria, incluídas, de ser o caso, unicamente as recargas e custas que se satisfixesen, poderanse presentar xunto coa solicitude de concesión da moratoria e, en todo caso, dentro do prazo establecido no punto 1.b) do artigo anterior, debendo xuntarse para tal efecto os documentos acreditativos do seu pagamento.

Se o que tivese dereito á devolución fose debedor da Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes con esta na forma que legalmente proceda, sen prexuízo do dereito daquel a solicitar aprazamento de todas as cotas pendentes que, deste modo, non sexan compensadas, nos termos do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

Artigo 3. *Redución no pagamento de cotas da Seguridade Social.*

Para efectos da redución do 50 por 100 no pagamento de todas as cotizacións á Seguridade Social por continxencias comúns correspondentes aos meses de xullo de 2005 a febreiro de 2006, ambos inclusive, e recoñecida aos titulares das explotacións agrarias inscritos no réxime especial agrario, como traballadores por conta propia, ou no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, na actividade de agricultura, gandaría, caza e silvicultura, nas zonas afectadas pola seca nos termos previstos no artigo 1 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, serán de aplicación as normas contidas no artigo precedente respecto da moratoria no pagamento de cotas da Seguridade Social.

Conforme se establece no segundo parágrafo do punto 3 do artigo 3 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, a diminución de ingresos da Tesouraría Xeral da

Seguridade Social como consecuencia das reducións do 50 por 100 no pagamento das cotizacións á Seguridade Social por continxencias comúns correspondentes aos meses de xullo de 2005 a febreiro de 2006, ambos inclusive, será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 4. *Incompatibilidades.*

Os beneficios na cotización á Seguridade Social previstos no Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, que a presente orde desenvolve, non serán compatibles con outras exoneracións, moratorias e reducións no pagamento de cotas á Seguridade Social que puidesen corresponder polo mesmo período de tempo e pola mesma explotación, de conformidade co establecido noutras disposicións legais ditadas con motivo dos danos causados por incendios e outras adversidades climáticas.

Quen poida ter dereito a máis dun beneficio na cotización á Seguridade Social da mesma natureza, de se producir o suposto previsto no parágrafo anterior, deberá optar por solicitar un só deles.

Disposición adicional primeira. *Aplicación aos socios traballadores e de traballo das cooperativas agrarias.*

Nas referencias feitas aos traballadores na presente orde entenderanse incluídos tamén os socios traballadores así como os socios de traballo das cooperativas encadrados en calquera dos réximes do sistema de Seguridade Social.

Disposición adicional segunda. *Aplicación da redución do 50 por cento nos meses do período bonificado xa transcorridos.*

A aplicación da redución establecida no artigo 3.3 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, a que se refire o artigo 3 desta orde, poderá tamén realizarse acumulativamente polo importe total da redución nos meses de xullo, agosto e demais meses xa transcorridos na data de notificación da resolución que concede a redución, respecto dos beneficiarios que o indicasen na solicitude desta.

Para estes efectos, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social confeccionará o correspondente documento ou documentos de cotización relativos ao mes da solicitude e posteriores, que serán remitidos ou comunicados aos solicitantes da redución, devolvendo aquela, de ser o caso, as cantidades obxecto de redución polas mensualidades deste beneficio xa pagadas.

A parte de cota polos meses xa transcorridos non suxeita a redución, se non se ingresase, aboarase dentro dos trinta días seguintes ao inmediato hábil posterior á data de notificación da concesión da redución.

Disposición derradeira. *Vixencia.*

A presente orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de agosto de 2005.

CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

Secretario de Estado da Seguridade Social.